

LOS DOMINGOS

Alauda Ruiz de Azúa, 2025

1619

ESTREA EN NUMAX: 24.10.2025 | V.O. | +12 | 115 min

Ainara (Blanca Soroa), unha moza idealista e brillante de 17 anos, debe decidir que carreira universitaria vai estudar. Ou, cando menos, iso agarda a súa familia que faga. Porén, a moza manifesta que se sente cada vez máis preto de Deus e que está pensando abrazar a vida de monxa de clausura. A noticia colle de por sorpresa a toda a familia provocando un abismo e unha proba de fogo para todos.

«Unha obra portentosa, inmensa,
trasparente na súa complexidade e
gozosa na súa dor»

Gregorio Belinchón, EL PAÍS



A procura dun lugar no mundo

Por Alauda Ruiz de Azúa

Os dilemas de difícil resposta son o meu estímulo. Ese lugar onde te atopas entre o que deberías facer, o que queres facer e o que sentes. *Los domingos* xorde na miña cabeza por mor dunha anécdota que escoitei hai tempo: unha moza de 18 anos decidiu ingresar nun convento de clausura da noite para a mañá. Os intentos da súa familia por convencela de que non o fixese foron en balde. Por que alguén se converte en monxa de clausura a esa idade? Por que decidir afastarse do mundo xusto cando comeza a vida adulta? Como convencer a alguén de que paga a pena esa vida adulta cando o mundo exterior pode ser incerto e difícil?

A vocación de clausura é quizais una das expresións máis extremas da procura dun lugar no mundo e axiña se me presentou como a escusa perfecta para cuestionar a familia como o noso refuxio natural. Ao final do día, tanto ateos como agnósticos ou crentes, necesitamos crer nalgo para continuar. Todos facemos apostas de fe. Todos apostamos por algo, comprometémonos en diferentes relacións sen ningunha proba absoluta de que sexa real e iso abóndanos. Hai quen cre en Deus, outros nas súas parellas e algúns na familia como algo indisoluble.

A película titúlase *Los domingos* porque para os católicos o domingo é o día do Señor e para moitas familias é un día de reunión e reencontro, a miúdo de forma obrigada. Cantas familias discuten durante horas sobre onde celebrar o Nadal? A cantas lles dá preguiza os compromisos familiares? Aí comezou esta historia que fala sobre o difícil que é romper coa familia porque, aínda que non estean presentes, os vínculos familiares non son intercambiabiles con ningún outro. O relixioso, o espiritual está moi presente na película. Os rituais, os procesos vocacionais, a rutina do convento, mesmo o tipo de conversa íntima que pode chegar a ter un sacerdote cunha menor no marco das direccións espirituais. Tentei retratar este universo desde unha perspectiva moi rigorosa, despois de facer unha ardua investigación.

Como cineasta, fixen unha aposta por certa nudez na linguaxe, en deixar que os personaxes respiren como son e en que podamos observalos desde o íntimo, pero a distancia. Ao mesmo tempo, vin como o espiritual se filtraba no formal por moitas fendas. Da mesma maneira que o que non se din os personaxes é tan importante ou máis que o que se din, tamén elixín coidadosamente o que queda fóra de campo, o que non se ve... como as figuras ou estatuas divinas.

Apostei por unha única banda sonora: un coro. Esa música coral viste o cotián doutra profundidade, de certa sensación de poesía, de vulnerabilidade. O espiritual está no convento, pero tamén fóra del. Non é unha dimensión espiritual relixiosa, senón emocional. Ese algo máis invisible que nos rodea a todos. A fragilidade das cousas. As perdas de persoas que amamos. As rupturas que se producen sen estrondos nin discursións. Os primeiros amores incertos. Os abismos que se abren mentres parece que non ocorre nada. A necesidade de amar ou ser amados que nos acompaña toda a nosa vida. A sensación de que todo o mundo necesita crer nalgo.

Publicado en bteampictures.es



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Monjas y soldados,
Iris Murdoch.
Impedimenta

La hermana,
Aixa de la Cruz.
Anagrama

Todo empieza con la sangre,
Aixa de la Cruz.
Alfaguara